

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Resolución do 10 de decembro de 2007, do tribunal designado para cualificar as probas para a obtención e renovación do certificado CE de conselleiros de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada e por ferrocarril, convocadas por Resolución do 7 de febreiro de 2007, da Dirección Xeral de Transportes (Diario Oficial de Galicia número 88, do 8 de maio), pola que se elevan a definitivas as relacións provisionais de aprobados e suspensos.

Mediante Resolución do 7 de febreiro de 2007, da Dirección Xeral de Transportes, convocáronse probas para a obtención e renovación do certificado CE de conselleiros de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada e por ferrocarril. Con data do 7 de novembro de 2007 publicáronse as relacións provisionais de aprobados e suspensos.

Unha vez transcorrido o prazo establecido para presentar as correspondentes reclamacións, e examinadas estas, o tribunal cualificador adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.-Eleva a definitivas as relacións provisionais de aprobados e suspensos.

Segundo.-Expoñer as ditas relacións nos servizos centrais da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, nos servizos provinciais de transportes e nas delegacións provinciais da citada consellería.

Terceiro.-Que se publique esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta resolución pode interpoñerse recurso de alzada ante a directora xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorridos tres meses desde a presentación do recurso sen que se notifique a súa resolución, entenderase desestimado e quedará expedita a vía procedente.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2007.

Xosé Lluís Fernández Suárez
Presidente do tribunal

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 10 de decembro de 2007 pola que se resolve a convocatoria de premios a recursos educativos para a sociedade da información para o profesorado de centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos para o ano 2007.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Innovación e Industria, pola Orde conxunta do 8 de xuño de 2007 (DOG nº 121, do 25 de xuño), convocaron os premios a recursos educativos para a sociedade da información, para o profesorado de centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos para o curso 2007, e aprobaron as súas bases de concesión.

Segundo o disposto no artigo 7º da orde da convocatoria constituíuse a comisión de selección que, unha vez valorados os traballos presentados, levantou acta da proposta de concesión de premios con data do 13 de novembro de 2007, acta que elevou á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria para a súa aprobación e publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

En consecuencia, e atendendo á redistribución efectuada pola directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa ao abeiro do disposto no artigo 3.2º da convocatoria, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Concederlles os premios a recursos educativos para a sociedade da información para o profesorado de centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos para o ano 2007, aos traballos e aos importes que se relacionan no anexo a esta orde.

Segundo.-Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Relación definitiva de premiados

Modalidade A: ferramentas de autor

Premio	Importe	Título	Coordinador/a
1º Premio	6.000 €	Proxecto Xogamos?	Feliciano José Couto Escanciano

Modalidade B: materiais curriculares web

Premio	Importe	Título	Coordinador/a
1º Premio	6.000 €	A auga, aplicacións enerxéticas na Galicia preindustrial	Antonio Lomba Baz
2º premio	4.000 €	Tecnoloxía na ESO	María Loureiro González
3º premio	3.000 €	Planeta dixital	José Carlos Vázquez Martínez
3º premio	3.000 €	Tempus fugit	Agustín Carracedo Santos
3º premio	3.000 €	A empresa no cine	José Ramón Fraga Rodríguez
3º premio	3.000 €	Diccionario de termos de arte	Xosé Manuel Vicente Trigo

Modalidade C: galerías de imaxes e vídeos didácticos

Premio	Importe	Título	Coordinador/a
1º Premio	3.000 €	A cova de Ceza	Javier Santiago Caamaño
3º premio	1.000 €	A volta do xogo popular	José Luis Rfo Silva

Modalidade D: aplicacións de software libre

Premio	Importe	Título	Coordinador/a
1º Premio	6.000 €	Traducíndote	Manuel Morán Vaquero
2º premio	4.000 €	Websqsr	Francisco Javier Taboada Aguado
3º premio	3.000 €	Galinux-Slax	Teodosio Francisco Ramírez Jorquera

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Resolución do 29 de novembro de 2007 pola que se adjudican as axudas para a mobilización, dinamización e sistematización da innovación convocadas pola Orde do 17 de setembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 185, do 24 de setembro), modificada pola Orde do 6 de novembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 220, do 14 de novembro).

Por orde da Consellería de Innovación e Industria do 17 de setembro de 2007 (DOG nº 185, do 24 de setembro), modificada pola Orde do 6 de novembro de 2007 (DOG nº 220, do 14 de novembro) convocáronse as axudas para o ano 2007 para a mobilización, dinamización e sistematización da innovación.

Na súa virtude, de acordo co establecido nas bases da citada orde da convocatoria, atendendo as disponibilidades de crédito e as propostas elaboradas pola

comisión de valoración prevista no artigo 8 da orde da convocatoria, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Concederlles as axudas para a mobilización, dinamización e sistematización da innovación (procedemento IN828A) aos beneficiarios que se relacionan no anexo I desta resolución, nas contías que se sinalan, que supoñen un total de 1.438.875,66 euros para o ano 2007.

Segundo.-Propoñer como reservas as solicitudes que acadaron unha puntuación total inferior a 42 dun máximo de 100 puntos, e que se recollen no anexo II. A súa concesión queda condicionada a que se produzan baixas nas subvencións concedidas e adjudicáranse por orde de puntuación.

Terceiro.-Aquelas axudas para as cales no anexo correspondente se recolle SI na columna Feder están cofinanciadas nun 75% con fondos Feder.

Cuarto.-Para poder percibir as axudas, os beneficiarios deberán presentar, na data límite do 17 de decembro de 2007, a documentación indicada no artigo 16 do anexo I da Orde do 17 de setembro de 2007.

Quinto.-A Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación adoptará as medidas necesarias para a instrución dos correspondentes expedientes de gasto.

Sexto.-A inobservancia por parte dos beneficiarios de calquera das bases establecidas na orde da convocatoria suporá a perda do dereito a percibir a subvención correspondente.

Sétimo.-Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2007.

P.D. (Orde 31-1-2006, DOG nº 24)
Emilio Nogueira Moure
Secretario xeral da Consellería de Innovación e Industria